



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES As Mariñas

Avda. da Coruña nº6
15300 - Betanzos
Teléf: 881880254, FAX: 881880274
ies.asmarinas@edu.xunta.es
www.iesasmarinas.net



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



Prezadas familias, informámosvos que xa recibimos as primeiras instrucións da Consellería para pechar a segunda avaliación. De acordo con isto, faremos dita avaliación o día 3 de abril e publicaremos as notas en Abalar ese mesmo día ás 18:00 horas. Todas aquelas familias que non teñan instalado o programa Abalar, teñen agora a oportunidade de facerse cunha ferramenta importante de información sobre os seus fillos e fillas, polo que lles aconsellamos que a instalen. Se por motivos técnicos (ou outros) non fose posible ter este programa, poden consultar as notas contactando vía correo electrónico co titor/a correspondente.

Somos conscientes de que as notas desta segunda avaliación non van reflectir a programación prevista para cada unha das materias, polo que hai que valoralas desde un punto de vista relativo, acorde ao contexto que estamos a vivir. Mentres agardamos máis noticias da Consellería con respecto ao que resta de curso, podemos adiantar que o noso obxectivo é compensar nese período todas as carencias que se deriven da situación que temos desde hai dúas semanas.

En canto teñamos calquera nova sobre o desenvolvemento do curso, informaremos a través da nosa páxina web, redes sociais e tamén do noso grupo de titoras e titores, que tan grande esforzo están facendo. Calquera dúbida, por pequena que sexa, poden achegárnola, que gustosamente a intentaremos resolver. Tamén queremos animalos a que impliquen activamente aos seus fillos e fillas na actividade académica diaria como medio indispensable para non perder demasiado ritmo de traballo.

Por último, agradecerlles a todos vostedes a paciencia dado contexto excepcional que vivimos e a coordinación co Instituto a fin de levar adiante a formación dos seus fillos e fillas.

Un cordial saúdo.

O equipo directivo.

Betanzos, 28 de marzo de 2020